

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	TOÉN
Edificio	Igrexa de San Pedro de Moreiras
Dirección	Lugar da Eirexa, s/N. 32920
	42.303498 -7.923030
Protección	
Descrición	A igrexa de Moreiras transformouse moito ao longo do tempo. Na actualidade atopámonos ante unha magnífica igrexa cunha fachada barroca de tres tramos e balaustrada, rematada por dúas torres con cimborrio sobre o cruceiro. Dúas capelas a ámbolos lados do cruceiro proporcionan unha imaxe de planta de cruz latina. Nembargantes, a configuración orixinal debeu ser a dunha igrexa dunha nave rectangular, de grandes dimensións, rematada por unha cabeceira que seguiría este mesmo criterio. Co tempo fóronse engadindo as capelas laterais, a cabeceira e cimborrio e, finalmente, a nova fachada. Conservamos testemuñas do primeiro momento arquitectónico desta igrexa; por un lado, os muros laterais da nave; por outro lado, no interior da capela que se abreu no lado da epístola, no muro que a separa da nave, consérvanse unha serie de cinco canzorriños sobre o arco que dá acceso a este espazo. Este fragmento de cornixa, hoxe reubicado, debeu sin embargo servir de modelo para a cornixa que actualmente recorre a totalidade do perímetro do edificio. Esta compóñese dun aleiro de cobillas cortadas en nacela decorada con bolas, soportado por canzorros con cabezas e bustos, principalmente, e unha flor de catro follas modelo para os canzorros novos. Os muros laterais da nave conservaron o paramento orixinal. Se ben o muro norte está oculto polas estancias do almacén anexas á capela, no muro sur aínda son visíbeis as xanelas en saeteira que dan luz á nave –a máis oriental algo modificada–. Ó interior, estas xanelas ábreanse a ámbolos lados en profundo derrame. Así, San Pedro de Moreiras, aínda que figura relacionada coa catedral auriense na primeira metade do século XXII, recibiu numerosos engadidos xa dende os seus primeiros momentos, cando se fixo a fábrica románica, tal vez entre os séculos XII e XIII. Deste modo, os canzorriños conservados no interior xa se presentan como tardíos para o século XII, mentres que as capelas laterais deberon engadirse á fábrica orixinal románica nun momento moi temperán, tal vez mediados do século XIII. Por outro lado, varios elementos chaman poderosamente a atención no interior desta igrexa. A bóveda casetonada que cubre o presbiterio e, dos numerosos retablos que nos atopamos nas diversas capelas, o do presbiterio, magnífico exemplar do barroco galego, de cinco tramos y tres andares, e o da capela do lado norte, gótico, de tres tramos, merecen especial atención.
Campás	4 campás (3 na torre esquerda e 1 do reloxo na torre dereita).
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	IMF, www.romanico-digital.com

Data	08-02-2025
-------------	------------

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Chapitel da torre dereita	Campá do reloxo	ANÓNIMO (GALICIA)			
Torre-campanario esquerda	Menor	CAGIGAL ARROYO, ANDRÉS	1797	65	159
Torre-campanario esquerda	Mediana	BLANCO LEMOS, ANTONIO		70	199
Torre-campanario esquerda	Maior	ANÓNIMO (GALICIA)	1810	90	422

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Moreiras - TOÉN \(GALICIA\)](#)

PDF (12-09-2026)